

**RESOLUCIÓN do 3 de maio de 2022, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Touriñán III-2, situado nos concellos da Estrada, Cuntis e Campo Lameiro, da provincia de Pontevedra (expediente IN661A 2011/13-4). DOG Núm. 104, de 1 de xuño de 2022. Fin prazo para alegacións: 14 de xullo de 2022.**

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220601/AnuncioG0596-060522-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220601/AnuncioG0596-060522-0001_gl.html)

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/documentos-sometidos-a-informacion-publica>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
Parque eólico Touriñán III-2.	Greenalia Wind Power Touriñán, S.L.U.	A Estrada, Cuntis e Campo Lameiro (Pontevedra).	<p>– 5 aeroxeradores tripá modelo Siemens Gamesa: tres SG 5.0-145 de 5 MW de potencia unitaria (AE-02, AE-04 e AE-05) e dous SG 5.0-132 de 5 MW (AE-01 e AE-03), estando limitado AE01 a 4 MW para axustarse á potencia do parque. Cada un deles estará equipados cun transformador elevador 30/0,69 kV no seu interior.</p> <p>– A rede de media tensión do parque, recollerá a enerxía xerada polos aeroxeradores e transportarase ata a subestación colectora SET parque eólico Pico Touriñán III-2; estará formada polos seguintes elementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 5 centros de transformación, grupo de conexión Dyn11 e tensión 30/0,69 kV localizados no interior dos aeroxeradores.</li> <li>• 2 liñas soterradas de 30 kV para conectar os aeroxeradores entre si e coa subestación colectora do parque. Circuito nº 1 AE-03,AE-04 e AE-05 de lonxitude 4.746 m e circuito nº 2 AE-01 e AE-02 de 1.734 m. Os condutores de media tensión serán de tipo RHZ1-OL 18/30 kV Al e sección variable de 240 e 400 mm<sup>2</sup>.</li> </ul> <p>A rede de cables do parque eólico estará composta polo tendido de media tensión, baixa tensión e comunicacións; realizarase mediante condución en gabias cunha lonxitude total en planta de 4.171 m.</p> <p>Terase tamén un condutor de cobre espido e sección 50 mm<sup>2</sup> no fondo das gabias para a rede de posta á terra.</p> <p>– A enerxía deste parque eólico, así como a do parque eólico Rosa dos Ventos ingresarase á rede eléctrica nacional a través da subestación colectora Touriñán III-2 de 30/220 kV, polo tanto, a antedita subestación evacuará, ademais da enerxía xerada polo PE Touriñán III-2 de 24 MW, a xerada polo PE Rosa dos Ventos de 15 MW, facendo un total de 39 MW. Para esta posición de transformación instalarase un transformador 40/50 MVA ONAN/ONAF 30/220 Kv.</p> <p>A subestación estará constituída polas seguintes unidades de posición:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 2 posicións de liña 220 kV (entrada-saída).</li> <li>• 1 posición de transformador (40/50 MVA ONAN/ONAF 30/220 kV).</li> </ul>

• 1 posición de transformador (64/80 MVA ONAN/ONAF 132/220 kV).

• Posicións de 30 kV.

• Sistema de control.

• Sistema de protección.

• Sistema de servizos auxiliares (SS.AA.).

• Instalacións complementarias.

Contará tamén con dous transformadores de servizos auxiliares 30.000/400-230 kV de 50 kVA e un grupo electrógeno de 50 kVA, 400/230 V, 50 Hz.

O centro de control do parque e a parte cuberta da subestación estarán situados nun mesmo edificio. O sistema de control utilizará unha rede de fibra óptica que enlaza os aeróxeradores co servidor SCADA. O Sistema automático de control de parque comprende:

• Sistema de control de aeróxeradores.

• Sistema de comunicacións.

• Sistema de regulación de potencia.

Esta subestación conectarase pola súa vez á liña xa existente LAT 220 kV SET Pico Touriñán-SET Tibo mediante unha nova liña aérea:

– Liña aérea a 220 kV de 54,03 m, e que estará constituída por dous circuítos trifásicos nos que se usará un condutor de aluminio-aceiro segundo UNE 50182 do tipo LA-280 (242-AL 1/39-ST1A). Disporá de dous apoios intermedios entre a subestación e a liña existente de entronque LAT 220 kV SET Pico Touriñán-SET Tibo (proxecto independente e autorizado).

O PE Touriñán III-2 ten acceso concedido á rede de transporte nacional a través da subestación eléctrica de Tibo-Pontevedra.

De acordo co disposto no artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, e polas demais normas de aplicación relacionadas ao inicio desta resolución, constitúen o obxecto da información pública os seguintes documentos: proxecto de execución, estudo de impacto ambiental, RBDA e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico).